

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE XUÑO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Decreto polo que se dispón que cese Paula Uría Traba como directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral de Industria a Paula Uría Traba.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a Pablo Fernández Vila.

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se nomea director xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos a Ángel Tarrío Tobar.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sanxenxo do dominio público viario asociado, agás calzada e beiravías, do treito da estrada PO-308 (p.q.: 18+940 – p.q.:19+760) e do treito da estrada PO-364 (pp.qq. 0+000 - 0+300).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xinzo de Limia da estrada provincial OU-1102 desde o punto quilométrico 0+000 ata o punto quilométrico 0+310.

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Vigo ao profesor doutor Manuel Joaquín Reigosa Roger.
- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra.

## ACORDOS

### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a superación do límite do 80 % do conxunto dos pagamentos anticipados e á conta e a exención da constitución de garantías dos ditos pagamentos segundo se establecen nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas á creación e integración de novos centros de investigación empresarial no ecosistema de innovación de Galicia enmarcados nas prioridades estratéxicas da RIS3 e se procede a súa convocatoria para o ano 2022, por importe de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se ratifica a resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral do 30 de maio de 2022, en que se ordena, con carácter de urxencia, o exercicio das accións xudiciais e demais actuacións que en dereito procedan e, en concreto, a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o acto tácito do Concello de Oleiros polo que se decide a realización dunha campaña de comunicación institucional coa colocación de diversos carteis con proxección na vía pública, en particular, de catro carteis situados na zona do Couto, Dorneda, na avenida República Argentina, núm. 36, Oleiros, ou subsidiariamente contra a actuación material de colocación dos carteis.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e mais o Consello da Avogacía Galega, para o desenvolvemento de accións de atención profesional a vítimas de violencia sexual no marco do pacto de estado contra a violencia de xénero, por importe de douscentos cincuenta e oito mil euros (258.000,00 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, do servizo de administración de sistemas da Xunta de Galicia (expediente AMT-2022-0057), por un orzamento de licitación, IVE ao 21 % incluído, de cinco millóns seiscientos sesenta e dous mil oitocentos euros (5.662.800 €) e un valor estimado de once millóns douscentos trinta e dous mil euros (11.232.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente da contratación do servizo de apoio á formación sobre a capacitación dixital da sociedade galega, susceptible de ser financiado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next GenerationEu (expediente AMT-2022-0028), por un orzamento de licitación de oito millóns setecentos trinta e oito mil catrocentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (8.738.487,50 €) e un valor estimado de sete millóns douscentos vinte e un mil oitocentos noventa euros con cincuenta céntimos (7.221.890,50€).

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación núm. 2 do proxecto sectorial do parque empresarial de Carballo (A Coruña).
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, relativo ao proxecto "Life Insular – Estratexia integrada para a xestión sustentable dos hábitats insulares en illas Natura 2000 do océano Atlántico" (LIFE20 NAT/ES/001007), por un importe de trescentos mil trescentos cincuenta euros (300.350,00€).

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Aceesca, Asociación de Apoio a Personas con Diversidad Intelectual para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aceesca, polo importe máximo de cento vinte e un mil cento un euros con sesenta e seis céntimos (121.101,66 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer-Aspace para a posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Amencer-Aspace e ao CEEPR Princesa Letizia, polo importe máximo de cento dezaoto mil seiscentos sesenta euros con setenta e oito céntimos (118.660,78 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e AMICOS, Asociación para a Atención e Integración de Persoas con Discapacidade Intelectual, Autismo Parálise-Dano Cerebral e as súas Familias para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Amicos, polo importe máximo de cento nove mil novecentos oitenta e un euros (109.981,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e ASCM Ferrolterra, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta e dous mil once euros con oitenta céntimos (52.011,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspace, polo importe máximo de oitenta e catro mil cento cincuenta e oito euros con vinte céntimos (84.158,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Padres de Personas con Trastorno do Espectro Autista (T.E.A.) de la Provincia da Coruña (Aspanaes) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de douscentos sesenta e tres mil cincocentos setenta euros con noventa e seis céntimos (263.570,96 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspanaex, polo importe máximo de trinta e tres mil setecentos noventa e dous euros con vinte e catro céntimos (33.792,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Lourdes, polo importe máximo de sesenta e tres mil cincocentos vinte e un euros con noventa e dous céntimos (63.521,92 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Autismo Bata para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Bata - Os Mecos, polo importe máximo de dez mil novecentos cincuenta e un euros con corenta e oito céntimos (10.951,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Ilustre Mestre, polo importe máximo de vinte e cinco mil cento vinte e nove euros con setenta e catro céntimos (25.129,74 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Benéfica Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Juan María, polo importe máximo de cincuenta mil douscentos sesenta e oito euros con corenta e oito céntimos (50.268,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR HC San Rafael de Vigo,

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

polo importe máximo de trece mil novecentos oitenta e sete euros con corenta e oito céntimos (13.987,48 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de setenta e cinco mil novecentos dezasete euros con sesenta e oito céntimos (75.917,68 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Chamorro, polo importe máximo de vinte mil oitocentos corenta euros con vinte e catro céntimos (20.840,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR San Xerome Emiliani, polo importe máximo de oitenta e seis mil novecentos noventa e nove euros con vinte e oito céntimos (86.999,28 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Menela para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Menela, polo importe máximo de oitenta e sete mil cincocentos cincuenta e oito euros con vinte céntimos (87.558,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de trinta e tres mil douscentos oitenta e seis euros (33.286,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para dotar de auxiliares de conversa a centros educativos e escolas oficiais de idiomas da Comunidade

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Autónoma de Galicia no curso 2022-2023, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de tres millóns cincocentas oitenta mil seiscentos oitenta euros (3.580.680,00 €).

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se aproba o III Programa galego de muller e ciencia 2022-2025.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cunha única empresa, dos servizos de recepción, almacenaxe e distribución de vacinas con compoñente COVID e do material adicional para a súa administración, cun valor estimado de catorce millóns cincocentas trinta e dous mil cento noventa e dous euros (14.532.192,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de suturas manuais e cola de tecidos non absorbible con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, tramitado co número de expediente SI-ASV1-22-013, para un período de tres anos de contrato máis dous anos de prórroga e cun orzamento de sete millóns douscentos oitenta e nove mil douscentos vinte e seis euros con oitenta céntimos (7.289.226,80 €) IVE incluído e un valor estimado de trece millóns douscentos cincuenta e tres mil cento trinta e nove euros con sesenta e catro céntimos (13.253.139,64 €).

## INFORMES

### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre a liña de axudas a espazos lúdicos de augas termais.
- Informe sobre a resolución das axudas para a mellora das infraestruturas dos parques empresariais galegos e para a creación de viveiros industriais.

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre execución do proxecto de acondicionamento da Illa de Ons, Parque das Illas Atlánticas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre as actividades desenvolvidas pola Unidade de Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2020-2021.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **PAULA URÍA ESTARÁ Á FRONTE DA NOVA SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E PABLO FERNÁNDEZ VILA ASUMIRÁ A DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS**

- A enxeñeira industrial, que desde novembro de 2020 exercía como directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, encargárase do cargo de nova creación dentro da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
- As súas anteriores responsabilidades serán asumidas polo enxeñeiro de Camiños Pablo Fernández Vila, xefe territorial en Ourense da Vicepresidencia primeira

Paula Uría Traba (Ferrol, 1975), ata o de agora directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, estará á fronte da nova Secretaría Xeral de Industria, dependente da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e encargada de coordinar todas as competencias en materia de política industrial da Xunta de Galicia.

Enxeñeira industrial na especialidade enerxética pola Escola Politécnica Superior de Ferrol e Máster en xestión de enerxías renovables pola Universidade de Cádiz, é funcionaria no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, na escala de enxeñeiros industriais. Desempeñou diversos cargos na Administración autonómica, tanto no Instituto Enerxético de Galicia (Inega) como na anterior Dirección Xeral de Enerxía e Minas da que foi, desde 2015, subdirectora xeral de Enerxía.

Como directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, cargo que asumiu en novembro de 2020, ten desenvolvido un importante traballo para avanzar na transición ecolóxica, así como no impulso a sectores estratéxicos para Galicia como o eólico e as enerxías renovables, ademais da industria electrointensiva, a minería, a lousa e o granito.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais será asumida por Pablo Fernández Vila (Ourense, 1986), que estaba á fronte da Xefatura Territorial en Ourense da actual Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación desde novembro de 2020. Enxeñeiro superior de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña, e Máster en túneles e obras baixo terra, antes de incorporarse como funcionario á Administración autonómica exerceu diferentes responsabilidades no eido empresarial.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE POLÍTICA DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS A ÁNGEL TARRÍO TOBAR**

É licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario da escala superior de estatística

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento como director xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos a Ángel Luis Tarrío Tobar, que ata o momento ocupaba o cargo de subdirector de Planificación na Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Tarrío Tobar é funcionario da escala superior de estatística, do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desde 1996, e ocupou distintos postos directivos no Instituto Galego de Estatística (IGE), entre eles, o de subdirector xeral de Síntese, Análise e Difusión, así como o de director xeral do IGE.

Ángel Tarrío é licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela e a súa formación académica inclúe os cursos de doutoramento en Econometría Sectorial.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE SANXENXO DE DOUS TREITOS DAS ESTRADAS PO-308 E PO-364 AO SEU PASO POR PORTONOVO

- O cambio de titularidade responde ao previsto no convenio co Concello para humanizar a estrada PO-308 en Portonovo mediante un investimento de 2,3 M€
- Transfírese todo o dominio público viario, agás calzada e beiravías, do treito da PO-308 desde o punto quilométrico 18+940 ao 19+760, e do treito inicial da PO-364, que constitúe o acceso ao porto de Portonovo
- O Concello asume a titularidade das vías e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sanxenxo de dous treitos das estradas autonómicas PO-308 e PO-364, ao seu paso polo núcleo de Portonovo.

Esta transferencia de titularidade responde ao recollido no acordo de colaboración asinado entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Sanxenxo para humanizar a estrada autonómica PO-308 en Portonovo.

Co fin de acadar un funcionamento da rede viaria máis acorde ás necesidades do municipio debe materializarse a transferencia do dominio público viario asociado, agás calzada e beiravías.

Mediante este convenio impúlsase unha ambiciosa actuación para transformar en rúa a contorna viaria do núcleo de Portonovo, grazas a un investimento de 2,3 millóns de euros, dos cales a Xunta achegará o 70 %, é dicir, 1,6 millóns, mentres que o importe restante correrá a cargo do municipio.

O Concello de Sanxenxo comprometeuse a aceptar a transferencia de titularidade de todo o dominio público asociado, agás a calzada e as beiravías, do treito da PO-308, entre os puntos quilométricos 18+940 e 19+760; e do treito inicial da PO-364, entre os puntos 0 e 0+300, que constitúe o acceso ao porto de Portonovo.

A entidade local, ademais, é responsable de redactar o proxecto e de contratar as obras, que teñen un prazo de execución de 15 meses. O obxectivo é inicialas en setembro para non prexudicar a actividade turística durante o verán e telas rematadas o vindeiro ano.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Treitos obxecto da transferencia:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA DUN TREITO DE VÍA PROVINCIAL COINCIDENTE COA RÚA CURROS ENRÍQUEZ

- Trátase do treito inicial de 310 metros de lonxitude da vía provincial OU-1102, desde o cruce coa rúa San Sebastián ata a intersección con Marcelo Macías
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello do Xinzo de Limia do treito da estrada provincial OU-1102, denominada rúa Curros Enríquez, desde o cruce coa rúa San Sebastián ata a intersección coa rúa Marcelo Macías.

A Deputación de Ourense solicitou autorización da Xunta da cesión da titularidade a prol do Concello e emitiu informe favorable para a transferencia do treito inicial desta vía provincial que comunica Xinzo de Limia e Vilar de Barrio. O treito obxecto do cambio de titularidade, de 310 metros de lonxitude, comeza á altura do punto quilométrico 0 e remata no punto 0+310.

A transferencia a prol do Concello de Xinzo de Limia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE MANUEL REIGOSA COMO REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Foi escollido pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 4 de maio

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo) ao profesor doutor Manuel Joaquín Reigosa Roger. Este nomeamento prodúcese despois de que fose escollido nas eleccións ao Reitorado o pasado 4 de maio.

É a segunda vez que Manuel Reigosa é elixido reitor da Universidade de Vigo. Nado en Vigo en 1958, é licenciado e doutor en Bioloxía e en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor da Universidade de Vigo desde a súa creación en 1990 e é catedrático de Fisioloxía Vexetal.

Entre outros postos no ámbito da xestión, traballou como secretario do Colexio Universitario de Vigo, foi director da Oficina de I+D, adxunto ao vicerreitor de Investigación, dúas veces decano da antiga Facultade de Ciencias, director do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo e vicerreitor de Investigación. Desde 2018 é reitor da Universidade de Vigo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO ABROBA A DECLARACIÓN COMO BEN DE INTERESE CULTURAL DO FUNICULAR DE TRANSPORTE AÉREO DE NOVO Y SIERRA DE VALGA

- Formalízase así a salvagarda deste exemplo único da industria da produción cerámica moi presente e relevante en Galicia, especialmente no Baixo Ulla
- Con este BIC son xa 777 os existentes en Galicia, 104 deles declarados desde a entrada en vigor da Lei do patrimonio cultural de 2016

O Consello da Xunta deu luz verde ao decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), na categoría de monumento e como patrimonio industrial, o funicular de transporte aéreo de Novo y Sierra de Valga, un exemplo único da industria da produción cerámica cunha especial pegada no Baixo Ulla. Complétase así o procedemento iniciado en 2019 a solicitude do Concello de Valga, logo de que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades incoase o procedemento en 2020.

En total, e ao abeiro desta declaración, protéxense oito elementos principais: sete torres (catro delas completas) e unha zona de embarcadoiro. A antiga liña aérea de vagonetas e embarcadoiro está situada no lugar de Campaña e conectaban a mina Mercedes, a antiga fábrica de cerámica Novo y Sierra e o porto no río Ulla. Da totalidade da liña existente, na actualidade os restos conservados cinguense ao tramo comprendido entre a vía ferroviaria e o río Ulla.

#### **Sistema construtivo modular**

As torres de celosía metálica, segundo o sistema alemán Bleichert, permitían a circulación pechada de ida e volta combinando a suspensión e o percorrido por carrís dunha vagonetas capaces de transportar máis de 300 quilogramos. Este sistema construtivo modular permite variar, facilmente, a anchura e altura das torres, para adaptalas ás necesidades xeográficas. As torres dispóñense no terreo sobre cimentación construídas para o efecto do propio material cerámico, sobresaíndo parcialmente do nivel das terras.

A zona de embarcadoiro mantén o sistema estrutural de soporte de material cerámico, de forma poligonal cara o río Ulla, cun piar central que sostería a última das rodas do sistema de xiro. Na actualidade perdeu a estrutura metálica que albergaría as rodas metálicas para o xiro das vagonetas de carga.

A instalación de funicular de transporte aéreo de materiais da empresa Novo y Sierra é exemplo do transporte aéreo de materiais e unha tipoloxía industrial, a da cerámica, moi presente e relevante en Galicia, especialmente no Baixo Ulla. A súa orixe en 1927 e o uso

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de celosía metálica aínda conservada fan que sexa un exemplo único na Comunidade Autónoma, e do cal existiron outros exemplos que non se conservan, como minas de ferro da Silvarosa en Viveiro ou do Freixo en Monforte de Lemos.

Os informes constatan o uso de sistemas de suspensión que supoñían unha tecnoloxía avanzada para a época que permitía posicionar a industria de referencia en mellores condicións polos rendementos en tempo e volume de material transportado. Así mesmo, aínda que o material producido coa materia prima local era principalmente empregado para a construción, a instalación permitía un percorrido de ida e volta que facilitaba o seu funcionamento, coa importación de materia prima do Salnés e O Rosal, para o conxunto da industria desta comarca, intensamente estendida pola ría de Arousa.

### **777 BIC**

Este BIC forma parte dos 104 bens declarados desde a entrada en vigor da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que facilitou a protección do patrimonio cultural cun concepto máis amplo baseado tamén nas relacións territoriais e no patrimonio inmaterial.

Contando co funicular, hoxe en día Galicia conta con 777 BIC, incluíndo entre as últimas incorporacións bens como A Ponte Maceira, a Biblioteca de Emilia Pardo Bazán, o microscopio naturalista de Antony Van Leewenhoek, a igrexa da Cruz do Incio, o Colexio Cardeal de Monforte e a igrexa de Atalaia de Laxe, entre outros. Ademais, o Goberno galego iniciou xa os trámites para outras declaracións BIC como a Casa Cornide ou o xacemento de Adro Vello.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA ACTIVA UN PROGRAMA DE AXUDAS PIONEIRO QUE PERMITIRÁ APOIAR A POSTA EN MARCHA DE TRES CENTROS DE INVESTIGACIÓN EN EMPRESAS**

- O Consello da Xunta acordou abrir en xuño esta convocatoria, dotada con 10M€ coa finalidade de completar as capacidades do sistema de I+D
- Contribuirá a manter a pegada industrial existente na Comunidade e atraer novas empresas e investimentos, coa previsión de mobilizar 20 millóns de euros e crear 45 postos de alta cualificación
- Diseñouse tras analizar as propostas recibidas na manifestación de interese convocada pola Axencia Galega de Innovación (Gain) e que tiña como obxecto coñecer a demanda e necesidades das empresas para establecer en Galicia os seus centros de investigación
- Enmárcase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2027 e dá continuidade ao resto de liñas coas que a Xunta fomenta a colaboración público-privada para reforzar a I+D galega empresarial, como a Fábrica intelixente ou as unidades mixtas de investigación

O Consello da Xunta acordou esta mañá que neste mes de xuño abrirá unha convocatoria de axudas por 10 millóns de euros para promover a creación de centros de investigación nas empresas. Con esta liña de apoios preténdese fortalecer as capacidades industriais a través do coñecemento e o desenvolvemento de tecnoloxías. Esta convocatoria, pioneira en Galicia, contribuirá a manter a pegada industrial existente na Comunidade, así como atraer investimentos que permitan poñer en marcha novos proxectos empresariais.

O programa, que se enmarca na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2027, ten dous obxectivos: lograr un ecosistema galego de maior dimensión e integrado que sexa quen de dar resposta aos retos da dixitalización e a sustentabilidade, así como seguir avanzando nun modelo colaborativo de I+D. Prevese seleccionar tres proxectos cun investimento público-privado de máis de 20 millóns de euros e calcúlase que se poidan crear 45 empregos de alta cualificación.

A convocatoria diseñouse tras a manifestación de interese lanzada en 2021 pola Axencia Galega de Innovación (Gain), dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Esta consulta buscaba coñecer a demanda e necesidades das empresas para establecer en Galicia os seus centros de investigación e toma de decisións en materia de I+D. Froito deste proceso participativo, recibíronse sete propostas, que foron examinadas para definir a convocatoria.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os beneficiarios deberán ser empresas con sede ou centro de traballo en Galicia e que pretendan crear un novo centro ou infraestrutura de investigación que terá que estar fisicamente na Comunidade. Debe tratarse dunha nova liña de actividade para a empresa e o compromiso é que se manteña en funcionamento un mínimo de cinco anos. Ademais, terá que crear 10 novas contratacións de persoal investigador. As infraestruturas que se poñan en marcha estarán abertas a varios usuarios e axentes do ecosistema de I+D.

O orzamento de cada proxecto situarase entre os tres e os 20 millóns de euros e a axuda será dun máximo de 5. Os custos que se apoiarán van desde a adquisición de terreos á obra civil necesaria, reformas, adquisición de edificios ou construcións ou bens de equipo, entre outros. No caso do persoal investigador de nova contratación só recibirá axudas se se superan os 10 contratos mínimos exhibibles na convocatoria.

O proceso será de concorrencia competitiva, polo que entre os criterios de selección se terán en conta aspectos como o impacto en Galicia e na produción científico-investigadora, os obxectivos e actividades que se leven no centro ou a capacidade e solvencia da empresa promotora. Unha vez concedida e executada a actuación, a Xunta de Galicia realizará un control pasados tres anos para verificar a actividade do centro de investigación.

Con esta nova liña de axudas, pioneira en Galicia e da que só existe en España unha de similares características no País Vasco, a Xunta aspira a seguir reforzando a I+D empresarial galega e dar continuidade a outros programas como a Fábrica intelixente ou as unidades mixtas de investigación. Entre estes dous programas e a nova convocatoria de centros de investigación chegarase aos máis de 70 proxectos apoiados con 120 millóns de euros en axudas e superándose os 400 millóns de investimento mobilizado a través da colaboración público-privada.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA RATIFICA A INTERPOSICIÓN DUN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A CAMPAÑA DE COLOCACIÓN DE CARTEIS NA VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DE OLEIROS

- O Goberno galego aborda as accións legais emprendidas pola Asesoría Xurídica Xeral, que incluíron a solicitude de “medidas cautelarísimas” de cubrición dos carteis coa imaxe da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, que foron aceptadas pola Xustiza
- Os servizos xurídicos da Administración autonómica consideran que a campaña do Concello de Oleiros é contraria á Lei de publicidade e comunicación institucional porque, entre outras razóns, emprega o emblema da Xunta e contén información falsa
- Ademais, apunta que a campaña do Concello de Oleiros emprega imaxes co obxectivo de mobilizar á cidadanía en contra dunha persoa e dunha institución e pon en risco a seguridade viaria dos cidadáns

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se ratifica a resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral de interposición dun recurso contencioso-administrativo contra a campaña informativa desenvolvida polo Concello de Oleiros coa colocación de catro carteis na vía pública nas zonas do Couto, Dorneda e da avenida República Argentina do municipio.

O Goberno galego deulle así o visto e prace ás accións legais emprendidas pola Asesoría Xurídica Xeral, que incluíron a solicitude de “medidas cautelarísimas” de cubrición dos carteis que mostran a imaxe da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, sendo atropelada por un vehículo. Esas medidas foron aceptadas pola Xustiza e ratificadas esta mesma semana.

Os servizos xurídicos da Administración autonómica consideran que é oportuna a presentación deste recurso contencioso-administrativo porque a campaña desenvolvida polo Concello de Oleiros é contraria á Lei de publicidade e comunicación institucional. Entre outras razóns, apúntase ao emprego do emblema da Xunta de Galicia, a que trata de crear confusión coa campaña ‘Camiña Galicia’ e contén información falsa.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta considera que a campaña do Concello de Oleiros emprega imaxes co obxectivo de mobilizar a cidadanía en contra dunha persoa e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dunha institución e pon en risco a seguridade viaria dos cidadáns coa instalación deses 4 carteis.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA APOIARÁ A ATENCIÓN XURÍDICA GRATUÍTA A VÍTIMAS DE DELITOS DE VIOLENCIA SEXUAL

- Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo entre a Vicepresidencia Segunda da Xunta e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade co Consello da Avogacía Galega para colaborar cunha achega de 258.000 euros en acción dirixidas á atención xurídica das mulleres vítimas de violencia sexual
- A través deste convenio, a vítima contará con asesoramento xurídico e acompañamento dun avogado especializado en delitos contra a liberdade sexual con independencia de que a vítima teña ou non recursos para litigar

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo entre a Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade co Consello da Avogacía Galega para o desenvolvemento de accións de atención profesional a vítimas de violencia sexual no marco do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero.

Deste xeito, a Xunta achega 258.000 euros que se aboarán ao Consello da Avogacía Galega para compensar ao organismo pola atención xurídica a cada vítima e polos gastos de xestión e tramitación das asistencias realizadas polos colexios de avogados, publicidade e difusión e formación específica dos letrados e letradas en materia de asistencia ás vítimas de delitos sexuais.

A través deste acordo a vítima, con independencia de que conte ou non con recursos para litigar, sempre dispoñerá dun avogado especializado en delitos contra a liberdade sexual que a asista en relación coa denuncia e que prestará asesoramento xurídico e acompañamento necesario na práctica das primeiras dilixencias ás mulleres vítimas de violencia sexual.

Pola súa banda, o Consello de Avogacía garantirá a formación específica en materia de asistencia a vítimas de violencia sexual aos avogados e avogadas que se encarguen da asistencia destes casos.

Este acordo dá continuidade á colaboración co Consello da Avogacía Galega e suma este novo convenio ao aprobado a semana pasada para compensar economicamente este ano aos letrados designados en virtude de requirimento xudicial cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia gratuíta, cun máximo de 200.000 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar, ademais, que a Xunta asinou en 2021 un acordo co Consello da Avogacía de Galicia para fixar o baremo que perciben os profesionais da quenda de oficio, o que permitiu incrementar as compensacións económicas, situando Galicia entre as comunidades con maior remuneración dos letrados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta. A Administración autonómica vén introducindo nos últimos anos melloras na xestión deste servizo, que considera fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á xustiza.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA APROBA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E PLATAFORMAS DIXITAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO, CUN VALOR ESTIMADO DE MÁIS DE 11 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello de Goberno aproba o expediente de contratación, que inclúe a xestión da configuración, a asistencia e a formación de persoal.
- A concesionaria encargarse da planificación, análise, deseño, implantación, xestión e optimización dos procesos de explotación e evolución dos sistemas informáticos
- A empresa proporcionará tamén o servizo de instalación, actualización, configuración, parametrización e operación de elementos software e hardware nos sistemas informáticos

O Consello de Goberno de Galicia aprobou hoxe o expediente para a contratación do servizo de administración dos sistemas informáticos da Xunta xestionados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, cun orzamento de licitación (con IVE) de 5,66 millóns de euros e un valor estimado de 11,23 millóns de euros. O financiamento deste contrato farase con cargo ás anualidades 2022, 2023 e 2024.

Esta contratación é necesaria pola complexidade de infraestruturas tecnolóxicas de sistemas, que fai indispensable complementar os recursos propios destinados á administración de sistemas. O contrato permitirá a súa xestión con horarios estendidos e recursos especializados para poder dar cobertura á ampla franxa horaria en que se realizan os despregamentos de aplicacións e outras tarefas de administración de sistemas, sobre todo nas fins de semana.

O prazo de execución é de 24 meses, que se poderá prorrogar por un prazo igual ou inferior. O valor estimado ten en conta as opcións contractuais de modificación e prórroga.

O servizo contratado incluírá a planificación, deseño, implantación, xestión e optimización dos procesos de explotación e evolución das infraestruturas e plataformas que dan servizo a todo o sector público autonómico. Permitirá tamén a monitorización e análise de rendemento e produtividade destes servizos.

A concesionaria encargarse tamén da instalación, actualización, configuración, parametrización e operación de elementos software e hardware dos sistemas

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

informáticos. Ademais, asumirá as tarefas de xestión da configuración, así como dos cambios na plataforma, as copias de seguridade, as incidencias e as peticións de servizo.

O equipo de administradores terán unha dispoñibilidade de 24 horas os sete días da semana para dar resposta ás necesidades de todos os servizos que se ofrecen e garantir a súa dispoñibilidade. Con este servizo de administración procúrase contar coa máxima dispoñibilidade en todos os servizos ofrecidos, reducindo os tempos de resolución das posibles incidencias, por exemplo, a un máximo de 6 horas para o caso daqueles considerados de prioridade máis alta, e conseguindo unha atención e resposta sobre estas afectacións de menos de cinco minutos.

A empresa encargada tamén proporcionará asesoramento técnico a nivel de arquitectura, hardware e software, así como formación a persoal e o estudo de aplicación de solucións tecnolóxicas relacionadas coa operativa e as infraestruturas tecnolóxicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA PON EN MARCHA UN PLAN DE FORMACIÓN QUE PERMITIRÁ A MÁIS DE 45.000 PERSOAS ACADAR A ACREDITACIÓN EN COMPETENCIAS DIXITAIS EN TRES ANOS

- A Administración autonómica investirá ata 8,7 millóns de euros para alcanzar este obxectivo, marcado no Plan de recuperación e resiliencia, en 2025
- O Consello aprobou hoxe a contratación do servizo para desenvolver unha estratexia formativa adaptada ao novo marco galego de competencias dixitais
- A Rede de aulas CeMIT será un dos instrumentos para impartir esta formación, xunto cos medios que achegue o adxudicatario e un aula móbil para chegar a aquelas zonas nas que non hai estes centros públicos
- A formación en competencias dixitais é un dos obxectivos do Plan de reforma e ampliación da Rede CeMIT co que se busca que o 70 % dos galegos teñan competencias dixitais básicas no 2025
- Nesta década a porcentaxe de galegos e galegas usuarios da internet en máis dun 85 %
- O incremento máis importante é o rexistrado entre as persoas maiores de 65 anos que só nos últimos cinco se incrementou nun 123 %.

A Xunta avanza no desenvolvemento do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT, desenvolvido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), coa posta en marcha do Plan de formación adaptada ao Marco de competencias dixitais galego. O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a contratación deste servizo que permitirá desenvolver o plan formativo e a súa impartición e que contará cun investimento de ata 8,7 millóns de euros ata 2025.

O obxectivo desta medida, establecido no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, é formar en competencias dixitais 45.790 persoas ata 2025 e tamén será fundamental para que o 70 % dos galegos, o 50 % deles mulleres, teña competencias dixitais básicas. A formación impartirase co apoio da Rede de aulas CeMIT, os medios e mecanismos de colaboracións que estableza o adxudicatario e cunha aula móbil para incrementar a capilaridade da medida e chegar a aquelas zonas afastadas da aula CeMIT de referencia.

O Plan de formación busca asegurar que a cidadanía conte coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, propiciando unha mellor calidade de vida, a creación de oportunidades de emprego e a redución das fendas de participación existentes, en especial entre os colectivos máis vulnerables, fomentando a igualdade dixital.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Niveis básico e intermedio**

O contrato aprobado hoxe establece un servizo integral para desenvolver os itinerarios formativos de: competencias dixitais básicas que permiten comunicarse, informarse ou realizar transaccións en liña, como comprar, relacionarse e interactuar coas administracións; competencias dixitais intermedias que facilita á persoa habilidades dixitais para desenvolver unha actividade máis elaborada, como facer buscas sofisticadas, crear e publicar contidos dixitais, ou programar e configurar sistemas dixitais; e competencias dixitais para convalidar a Certificación galega en competencias dixitais (Codix)

A certificación en cada nivel acadarase unha vez completadas as accións formativas de polo menos 10 ECTS (Sistema europeo de transferencia de créditos), que implican 250 horas de traballo por persoa tanto en modalidade presencial como teleformación.

Ademais, o servizo abrangue desde a fase de captación e inscrición do maior volume de persoas posible, coa correspondente actividade de difusión, ata impartición e o acompañamento e titorización personalizada, así como a formación dos axentes TIC para que poidan impartir a capacitación en competencias dixitais.

Esta actuación forma parte do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT, que conta cun investimento de 22.776.304 euros ata 2025 para abordar a transformación física e arquitectónica dos centros; a dotación de equipamento tecnolóxico punteiro; e a posta en marcha un novo servizo de aula móbil.

### **Máis dun 85 % de galegos incorporados á internet nunha década**

A Rede CeMIT é unha iniciativa posta en marcha pola Amtega que conta coa colaboración de 91 concellos e está integrada por 97 centros en 52 comarcas, co obxectivo común de transformar a cidadanía galega nunha sociedade plenamente dixital, ofrecendo recursos de capacitación adaptados ao nivel de coñecemento das persoas usuarias.

Desde a súa posta en marcha hai máis de 10 anos, máis de 100.000 persoas se beneficiaron das súas iniciativas e impartíronse máis de 453.000 horas de formación que, unidas ás restantes iniciativas postas en marcha polo Goberno galego para lograr a inclusión dixital, contribuíron que o 87,1% dos galegos e galegas empreguen a internet, segundo os últimos datos do INE. Esta porcentaxe supón un incremento de máis do 85 % con respecto ao dato de 2010, en que a usaba o 47 %. Ademais, o incremento máis significativo produciuse nos tramos de máis idade. Só nos últimos cinco anos o número de persoas de entre 55 e 64 anos que usa a internet creceu un 67,5 % e no tramo de 65 e 74 o aumento foi especialmente significativo, acadando un 123 %.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA MODIFICA O PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO DE BÉRTOA PARA POÑER Á DISPOSICIÓN DAS EMPRESAS 22.500 M<sup>2</sup> NOVOS DE SOLO DE USO INDUSTRIAL

- Os cambios aprobados hoxe permitirán reorientar o destino de dúas parcelas xa existentes pero reservadas ata agora a usos terciarios co fin de responder á demanda de máis superficie industrial en Carballo e na súa contorna
- O Instituto Galego da Vivenda e Solo convocará antes de que remate xuño un concurso para sacar á venda estas parcelas e acaba de adxudicar a redacción do proxecto de interese autonómico que permitirá ampliar o parque empresarial
- O Goberno autonómico ten aínda dispoñibles neste parque 3 parcelas urbanizadas con preto de 12.500 m<sup>2</sup> e cunha bonificación sobre o prezo de venda do 50 %

A Xunta de Galicia aprobou esta mañá a modificación puntual do proxecto sectorial do polígono de Bértoa, en Carballo, co fin de poñer á disposición das empresas interesadas 22.500 metros cadrados novos de solo de uso industrial dentro do parque. Con este cambio, que recibiu hoxe o visto e prace do Consello, esta área empresarial gañará dúas parcelas para acoller iniciativas industriais que ata o de agora estaban reservadas a usos terciarios —comercial, de oficinas ou hoteleiro— pero que non rexistraban demanda neste sentido, motivo polo que se decidiu permitir un cambio de usos.

Deste xeito, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) poderá convocar antes de que remate o mes de xuño un concurso específico para sacar á venda ambas as parcelas —de 9.384 e 13.214 metros cadrados cada unha—. Responde así ao interese amosado polo tecido empresarial das comarcas de Bergantiños e Costa da Morte por contar con máis superficie apta para acoller novas iniciativas e proxectos neste municipio.

A modificación puntual aprobada hoxe é unha das medidas impulsadas polo Goberno galego co obxectivo de atender a demanda de superficie empresarial en Carballo e na súa contorna. Así, a Xunta traballa desde hai tempo na ampliación do polígono de Bértoa, incluída no Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias de Galicia (PSOATEG) e que permitirá sumar ao actual parque 554.007 metros cadrados.

De feito, o IGVS acaba de adxudicar esta mesma semana, por un importe de 62.436 euros, o contrato para a redacción do proxecto de interese autonómico (PIA), que permitirá continuar co desenvolvemento do polígono carballés.

#### Tres parcelas dispoñibles

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O parque de Bértoa, promovido no seu día pola Xunta e cuxas obras de urbanización remataron no ano 2011, abrangue unha área de 718.482 metros cadrados e conta actualmente con 3 parcelas aínda dispoñibles para adxudicar, que suman entre todas unha superficie de 12.485 metros cadrados.

Os prezos de venda destes terreos oscilan entre os 35,99 e os 45,97 euros por metro cadrado, descontada xa a bonificación do 50 % que aplica neste parque o Goberno galego desde o ano 2015, no marco da súa política de incentivos para mobilizar o solo empresarial que xestiona no conxunto de Galicia a través do IGVS e da empresa pública Xestur.

No caso concreto de Bértoa, a posta en marcha destes incentivos autonómicos permitiron darlle un pulo importante ao ritmo de adxudicación de solo no polígono coruñés. Así, no período 2015-2021 adxudicáronse un total de 336.363 metros cadrados, con bonificacións que suman máis de 12 millóns de euros, mentres que, desde a urbanización deste parque e ata o momento en que a Xunta empezou a aplicar descontos do 30 % ou do 50 % segundo as zonas, se venderon en Bértoa algo máis de 61.000 metros cadrados.

Así mesmo, no marco do concurso de solo empresarial convocado por Xestur en febreiro deste ano, adxudicouse 1 das 4 parcelas que se ofertaban no polígono carballés —todas as que quedaban dispoñibles—, cunha superficie de 1.972 metros cadrados e unha bonificación de máis de 68.000 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# **RUEDA AVANZA QUE GALICIA LIDERARÁ UN PROXECTO TRANSNACIONAL PARA MELLORAR A CONSERVACIÓN DOS HÁBITATS DE CÍES, ONS E SÁLVORA E FACELOS RESISTENTES AO CAMBIO CLIMÁTICO**

- Salienta que o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para establecer as bases da súa participación na iniciativa *Life insular*, cun orzamento de máis de 5,2 M€ para executar ao longo de 5 anualidades
- Busca implementar unha estratexia de restauración integrada das dunas costeiras e dos queirogais secos presentes en 8 espazos insulares da Rede Natura 2000 co reto de reverter a situación da súa paisaxe natural á de fai 70 anos
- Detalla que ademais dos tres arquipélagos pertencentes ao parque nacional galego, as outras illas do Océano Atlántico en que se actuará son La Graciosa, en Canarias, e Irlanda

Galicia lidera un proxecto de cooperación transnacional entre España e Irlanda que ten como obxectivo definir e implementar unha estratexia integrada para a xestión sustentable dos hábitats insulares pertencentes á Rede Natura 2000. En concreto, tres das cinco illas que formarán parte desta iniciativa son galegas: Cíes, Ons e Sálvora, todas elas integradas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

A implicación da Comunidade no chamado *Life insular* foi ratificada hoxe polo Consello da Xunta, que autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para establecer as bases da súa participación técnica e económica no proxecto.

“A Xunta quere facer melloras no hábitat de Cíes, Ons, e Sálvora para facelos máis resistentes ao cambio climático e para a restauración da súa paisaxe natural co obxectivo de que se recupere a situación de hai 70 anos” di, incidindo en que desta forma, se minimizará o impacto de posibles perturbacións externas sobre as zonas de actuación e, sobre todo, buscarase unha recuperación drástica da paisaxe natural.

Cun orzamento de máis de 5,2 millóns de euros para executar ao longo de 5 anualidades, a principal achega económica ao proxecto procede da Unión Europea, que cofinanciará as actuacións previstas con 3,95 millóns de euros a través do programa Life —dedicado de forma exclusiva ao ambiente e á acción polo clima—.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Do total, á Xunta corresponderalle un orzamento estimado en case 750.000 euros, dos cales 300.000 euros serán gastos de investimento; mentres que a USC asumirá o papel de coordinadora do proxecto, cun financiamento asignado de 1,08 millóns.

Entre os outros socios que se beneficiarán deste proxecto transnacional cómpre citar tamén o Organismo Autónomo de Parques Nacionais e pola parte irlandesa, ao Department of Housing, Local Government and Heritage e o Coillte CGA.

### **O proxecto 'Life insular'**

O proxecto *Life insular* porá o foco de atención sobre os hábitats de 5 illas, que son – ademais das tres galegas xa mencionadas– La Graciosa, en Canarias, e Irlanda. O Parque Nacional das Illas Atlánticas, polo tanto, volverá ser obxecto dunha iniciativa europea que ten como fin último protexer e preservar a súa rica biodiversidade. Neste sentido, cómpre lembrar que se trata do único espazo natural de Galicia que concentra 6 das principais figuras de protección medioambiental existentes a nivel internacional.

Para acadar os seus obxectivos e lograr un estado de conservación favorable dos espazos insulares seleccionados “o proxecto busca actuar sobre dous tipos concretos de hábitats, presentes nas tres illas galegas: as dunas costeiras con vexetación e os queirogais secos”, dixo, ao tempo que explicou que a Xunta asumirá en Galicia a parte de execución técnica do proxecto, mediante a eliminación e control de especies exóticas invasoras; a supresión de plantacións forestais; e con medidas de protección fronte a actividades humanas que incidan sobre estes hábitats, como poden ser o control do tránsito de visitantes ou a instalación de captadores pasivos de area.

Así mesmo, o proxecto tamén inclúe unha estratexia de sensibilización e difusión pública mediante xornadas específicas en datas sinaladas, como o Día da Rede Natura 2000 ou o Día Europeo Dos Parques Nacionais, así como accións de voluntariado, obradoiros escolares e colocación de paneis informativos, entre outras. Por último, tamén se prevé un plan de conservación que se poría en marcha cando finalice o *Life insular*, cunha vixencia prevista de 64 meses –ata o 31 de decembro do ano 2026–.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA FACILITARÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PRETO DE 400 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE O VINDEIRO CURSO**

O Consello autoriza a sinatura de addendas aos convenios de colaboración con 16 entidades para este fin, cun investimento superior a 1,25M€

A Xunta de Galicia facilitará o servizo de transporte escolar adaptado a 394 alumnos o vindeiro curso 2022/23 a través da sinatura de addendas aos convenios de colaboración que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades mantén con 16 entidades especializadas na atención á diversidade. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a renovación destes acordos, cun investimento total de 1.251.737,14€, o que supón un 5,5 % máis que o ano anterior.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa entidade Aceesca, Asociación de Apoio a Personas con Diversidad Intelectual, coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer—Aspace, coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia Amicos, coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), coa Asociación Autismo Ourense, coa ASCM—Ferroterra, S.L., con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, con I-LAB Centro Especial de Empleo S.L., coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor, coa Fundación Menela, a Asociación San Xerome Emiliani e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro.

A través destes acordos, o departamento educativo do Goberno galego farase cargo do 80 % do gasto derivado da prestación do servizo de transporte, incluíndo o apoio de 75 persoas auxiliares. Pola súa banda, as asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado.

Os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo estará

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que necesitan.

### **Compromiso coa diversidade**

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente.

Non en balde, o sistema educativo galego vén de situarse, un ano máis, como o máis inclusivo de España, co 93,6% do alumnado galego con necesidades especiais está escolarizado en centros ordinarios, segundo os datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Os escolares beneficiados por esta acción presentan distintos tipos de discapacidade polas que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares.

Neste sentido cómpre lembrar que a Xunta vai asinar tamén convenios con 14 entidades especializadas en atención á discapacidade para a prestación dos servizos de comedor escolar a 511 estudantes en centros escolares o vindeiro curso, cun investimento de 217.572,96 €.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA PRETO DE 3,6 M€ Á CONTRATACIÓN DE 466 AUXILIARES DE CONVERSA PARA O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO O VINDEIRO CURSO

- O Consello da Xunta autoriza a renovación do convenio co Ministerio para a incorporación destes profesionais a centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües
- Esta actuación enmárcase dentro da Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, que prevé un investimento de 83M€ nos primeiros catro anos de aplicación

O Consello da Xunta vén de autorizar a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o Ministerio de Educación y Formación Profesional para a selección de 466 auxiliares de conversa asignados a Galicia o vindeiro curso escolar 2022/23, cun desembolso orzamentario por parte da Administración autonómica de 3.580.680€, o que supón seis auxiliares e 44.880€ máis con respecto ao mesmo acordo este ano.

Por idiomas, 435 serán auxiliares de lingua inglesa, 14 de lingua francesa, oito de lingua portuguesa, sete de lingua alemá e outros dous de lingua chinesa. Estes profesionais desenvolverán o seu traballo maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües. Así mesmo, recibirán unha axuda económica e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

Esta é unha das actuacións enmarcadas dentro da nova Estratexia de educación en linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, que ten como obxectivo para os próximos anos consolidar os programas de éxito desenvolvidos na última década e impulsar accións de alto impacto e especialización vinculados á inclusión, a innovación e a internacionalización. A estratexia está dotada con 83 M€ para a súa primeira fase de implantación de catro anos, ata 2025.

#### **Estadía integramente financiada polo Goberno autonómico**

O Ministerio ocuparase de seleccionar os auxiliares e enviar a relación detallada antes do inicio do curso escolar, mentres que a Consellería de Educación, que financia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

integramente a súa estadía na Comunidade, será a encargada de adxudicalos aos diferentes centros plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas.

A estes 466 auxiliares deste acordo engadiranse proximamente o resto dos auxiliares que se incorporarán ao sistema educativo galego, ben financiados pola Consellería, ben a través da colaboración interinstitucional co propio Ministerio no marco do Acordo de cooperación territorial, coa Comisión Fulbright, co Instituto Confucio e co Instituto Camões, sumando un total de 637 auxiliares de conversa para o vindeiro curso.

### **Un modelo afianzado e recoñecido**

O modelo plurilingüe, que arrancou en Galicia no curso 2010/11 coa impartición de ata un terzo do horario lectivo nunha lingua estranxeira en 58 centros, hoxe está implantado en 465, conta 628 auxiliares de conversa e acada os 100.000 alumnos beneficiados fronte aos 12.500 con seccións bilingües no curso 2008/09.

A isto engádese o nivel de recoñecemento do alumnado a través dos bos resultados obtidos nas probas de certificación e do grao de satisfacción amosado polos docentes, xa que case o 99 % dos profesores coordinadores deste programa manifesta estar moi satisfeitos cos resultados acadados.

### **Achegamento á cultura doutros países**

A figura da persoa auxiliar de conversa é un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego.

Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversa en linguas estranxeiras. Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE O III PROGRAMA MULLER E CIENCIA 2022-2025 QUINTUPLICARÁ O ORZAMENTO DO ANTERIOR ATA OS 45M€ PARA DIMINUÍR A FENDA E SITUAR ÁS INVESTIGADORAS Á FRONTE DOS EQUIPOS**

- Explica que o programa terá impacto directo na carreira de máis de 600 galegas e aspira a que outras 30 poidan acceder a postos directivos
- Permitirá promover e impulsar as medidas da denominada Lei Ánxeles Alvariño aprobada en 2021 para aumentar a creación de cátedras e o número de mulleres docentes e investigadoras en Galicia
- Subliña que a Xunta persegue que o sistema galego de ciencia incorpore de forma efectiva o principio de igualdade, priorice as necesidades das mulleres e respecte a diversidade
- Incide en que documento foi resultado dun proceso participativo en que tomaron parte a Administración, asociacións de científicas e unidades tecnolóxicas das empresas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe, durante a rolda de prensa de Consello, que o III Programa Muller e Ciencia 2022-2025 que promove a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade contará co maior orzamento da súa historia, 44,7 millóns de euros. Co obxectivo, dixo, de lograr un sistema galego da ciencia, tecnoloxía e innovación que incorpore de xeito efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A estimación, engadiu é que unhas 600 mulleres poidan incorporarse ao ámbito investigador e unhas 30 poidan optar a desenvolver postos de carácter directivo. "Trátase de acadar un sistema galego de ciencia igualitario, fomentar o enorme talento feminino para ciencia e que se visibilice e animar máis mulleres mozas a que desenvolvan a súa vocación científica. En definitiva, lograr unha ciencia máis igualitaria e un país máis competitivo", insistiu.

O documento contribuirá a promover e difundir en Galicia os contidos da denominada Lei Ánxeles Alvariño de 2021, que supuxo un salto cualitativo na consolidación dun marco que avoga pola creación de novas cátedras, o impulso do liderado feminino no eido da investigación, do talento feminino e das vocacións e da eliminación das barreiras que por razóns de conciliación ou coidado estaban a padecer as mulleres nestes sectores. Desde un enfoque integral, dixo, a Xunta acometerá actuacións ata o ano 25 coas que se pretende contribuír a incrementar en 5 puntos a porcentaxe actual de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mulleres entre o persoal docente investigador, para pasar do 42 % a un mínimo do 47 %. Tamén se aspira a subir tres puntos a proporción de mulleres catedráticas, ata polo menos o 27 %.

Nese sentido, subliñou que o programa priorizará as necesidades das mulleres co obxectivo de avanzar no respecto á diversidade e de reter o talento feminino como motor do desenvolvemento tecnolóxico, económico, social e sostible de Galicia.

### **Catro eixes de traballo**

Para acadalo, abundou, a Xunta vén de deseñar un documento con 20 obxectivos específicos e 50 medidas para avanzar na incorporación das mulleres, en condicións de igualdade, ao ámbito científico e tecnolóxico. Todas elas artéllanse en torno a 4 eixes prioritarios.

O primeiro dos eixes (769.000 euros) busca dar visibilidade ás traballadoras nestes sectores, na idea de sensibilizar a sociedade, de impulsar o coñecemento de referentes femininas e de formar o persoal docente para animar as nenas na súa vocación.

O segundo eixo, que conta coa maior dotación ao acaparar 33,9 M€, pon o foco na igualdade no acceso e promoción das mulleres no ámbito da ciencia. Prevé actuacións de apoio ás vocacións no bacharelato e un sistema de monitoreo nas etapas iniciais da carreira investigadora coa axuda de asociacións de científicas e investigadoras. Tamén contribuirá ao impulso da Lei Ánxeles Alvariño e ao establecemento de criterios de discriminación positiva: na avaliación do desempeño do persoal investigador, dos proxectos, no liderado por parte de mulleres dos equipos e o reforzo das investigadoras principais, así como o impulso ao doutoramento feminino industrial.

O terceiro eixe (9,7 M€) diríxese ao traballo con institucións públicas e privadas, con medidas específicas como acordos para que contén con plans de igualdade, medidas antiacoso, promovan axudas específicas para o coidado de menores e dependentes ou mesmo se reforcen as iniciativas emprendedoras de mulleres en proxectos tecnolóxicos e científicos, en especial no medio rural.

O cuarto, e último eixe (187.000 euros), centrarase na vixilancia da situación das mulleres no eido da ciencia, mediante a avaliación periódica do grao de cumprimento do programa e dos seus indicadores.

Para o deseño do III Programa Muller e Ciencia, a Xunta abriu un proceso participativo, que contou coas contribucións chegadas dos diferentes departamentos do Goberno

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galego, de asociacións de mulleres científicas e de representación das empresas e centros de ámbito tecnolóxico.

### **Fomento do talento**

A nova estratexia bebe dos éxitos da súa predecesora, o II Programa Muller e Ciencia 2016-2020, que permitiu levar a cabo 135 actividades que chegaron a máis de 14.000 persoas. Estas accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario.

Ademais o II programa tivo impacto directo na carreira profesional de 520 mulleres que se incorporaron ao ámbito investigador e a doutras 20 que foron promovidas a desenvolver postos de carácter directivo.

O III Programa Muller e Ciencia enmárcase no VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades, que conta cun orzamento de 935,5 millóns de euros, un 138,8 % máis que o seu predecesor, sendo o maior da historia dun documento de planificación destas características.

Ademais, é coherente coa nova Lei galega de igualdade de mulleres e homes que o Goberno galego está a elaborar, co obxectivo de seguir avanzando na igualdade a partir da unión dos poderes públicos para atallar discriminacións e integrar a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da sociedade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA SACA Á LICITACIÓN AS TAREFAS LOXÍSTICAS DA VACINACIÓN COVID MEDIANTE UN ACORDO MARCO

- Autoriza a contratación, cunha única empresa, dos servizos de recepción, almacenamento e distribución de vacinas contra á COVID, así como do material necesario para a súa administración e a recollida de viais sobrantes
- Ante a incerteza sobre a evolución da pandemia, o acordo marco vai encamiñado a asegurar a distribución de doses sucesivas para o caso de que, dentro da Estratexia nacional de vacinación, considérese adecuada a súa administración
- Partindo deste acordo marco de máximos, iranse facendo os contratos derivados para dar cobertura aos distintos servizos que sexan necesarios, cun valor máximo estimado de 14,5 millóns de euros
- Neste momento descoñécense as modificacións que poidan producirse na Estratexia nacional de vacinación, polo que o investimento final podería ser sustancialmente menor que o valor estimado inicialmente

O Consello da Xunta de Galicia, reunido esta mañá, ven de autorizar a contratación dos servizos de recepción, almacenaxe e distribución de vacinas con compoñente COVID e da recollida dos viais sobrantes, así como do material adicional para a súa administración. A contratación destas tarefas loxísticas vaise levar a cabo mediante un acordo marco cunha única empresa, logo de que durante os momentos máis álxidos das ondas da COVID houbo que sacar sucesivos expedientes de emerxencia para cubrir estes servizos, debido á urxencia propia da pandemia.

No momento actual, a evolución da pandemia é impredecible, polo que persiste a incerteza sobre a necesidade de novas doses de reforzo, tanto en colectivos especialmente vulnerables como na poboación xeral, polo que o acordo vai encamiñado a asegurar a distribución de doses sucesivas para o caso de que, dentro da Estratexia nacional de vacinación, se considere adecuada a súa administración.

Isto, unido á posible aparición de novas vacinas con compoñente COVID-19, que poden combinarse con outras como a da gripe e que poderían facilitar as estratexias de vacinación postas en marcha por Saúde Pública, fai que a Consellería de Sanidade considere imprescindible iniciar un proceso de contratación áxil e eficiente, como é o establecemento dun acordo marco de máximos, do que logo derivarán os contratos necesarios para dar cobertura aos distintos servizos que se precisen.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O importe total dos contratos baseados no acordo marco e a súa prórroga non poderán superar o valor máximo estimado, que neste caso é de 14.532.192 euros. Para calcular esta cantidade tívose en conta o establecemento dun contrato inicial de 12 meses e a posible prórroga por outros 12 meses, nas mesmas condicións que no contrato inicial. Así mesmo, o valor estimado baseouse nunha poboación diana de 2.608.342 persoas, cuxa vacinación cunha dose adicional supón 372.620 viais para distribuír, no escenario máis gravoso para a Administración. Isto é, que a estratexia de vacinación estableza que a campaña se desenvolva integramente no contorno de atención primaria (o que suporía, por exemplo un maior número de servizos de transporte que no caso dun gran espazo de vacinación) e que no período dun ano se administren dúas doses de reforzo para toda a poboación.

A licitación fórmulase nun único lote, dividido en catro sublotes relativos á distribución dun número de viais (entre 1 e 10, entre 11 e 20, entre 21 e 50 ou máis de 50) a un punto de vacinación concreto. Estes tramos adoptáronse tendo en conta os puntos de vacinación das anteriores campañas e comprenden, desde as entregas en vivendas tuteladas, residencias sociosanitarias ou centros de saúde ata as dos hospitais ou centros de vacinación masiva. O prazo de execución do acordo marco será dun ano desde a súa formalización e poderá ser obxecto de prórroga. O prazo máximo de duración do acordo e a súa prórroga será de dous anos.

Ben é certo que neste momento se descoñecen as modificacións que poidan producirse na Estratexia nacional de vacinación, as diferentes estratexias de vacinación que se poidan poñer en marcha dentro das comunidades autónomas e a dispoñibilidade de doses, que son adquiridas e distribuídas desde o Ministerio de Sanidade ata as comunidades autónomas, polo que o investimento final podería ser substancialmente menor que o valor estimado inicialmente.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVISTE 7,3 MILLÓNS DE EUROS EN MATERIAIS DE SUTURA PARA AS SETE ÁREAS SANITARIAS

- Esta é a primeira contratación deste tipo de material tramitada polo Servizo Galego de Saúde de forma centralizada e abrangue o período de 2022 ata 2025
- Inclúense todo tipo de fíos de suturas manuais absorbibles e non absorbibles, con agulla e sen agulla de distintos materiais e calibres, así como cola de tecidos non absorbible
- O obxectivo desta contratación centralizada, ademais de garantir a continuidade da subministración destes produtos sanitarios, é mellorar o seu prezo de adquisición e igualalo para todas as áreas sanitarias

A Xunta de Galicia aprobou esta mañá, no transcurso da xuntanza de Consello, a licitación para a subministración sucesiva de suturas manuais e cola de tecidos non absorbible, no período comprendido entre 2022 e 2025, por un importe total de 7.289.227 euros. Esta é a primeira contratación tramitada polo Servizo Galego de Saúde de forma centralizada para este tipo de materiais.

Mediante esta compra vanse adquirir diversos produtos necesarios para a realización da técnica de suturar, destinada á cicatrización dunha ferida, que pode ser cirúrxica ou non, na pel, os órganos internos, os vasos sanguíneos e demais tecidos do corpo humano, mediante o cosido cirúrxico dos bordes ou extremos da dita ferida, a fin de mantelos unidos, diminuindo a tensión entre eles. Así, nesta licitación inclúese a adquisición de todo tipo de fíos de suturas manuais, absorbibles e non absorbibles, con agulla e sen agulla, de distintos materiais e calibres, así como cola de tecidos non absorbible.

O obxectivo desta contratación centralizada é mellorar o prezo de adquisición de todos estes materiais de sutura, establecendo un prezo único e evitando, deste xeito, que poida haber diferenzas significativas no importe de compra entre os distintos centros das sete áreas sanitarias do Sergas.

Búscase, así mesmo, garantir a subministración destes produtos, tanto nos centros de atención primaria como de atención hospitalaria, tendo presentes os principios de igualdade no acceso, equidade, calidade, continuidade dos coidados entre niveis asistenciais e sustentabilidade económica das prestacións. Esta contratación enmárcase dentro dun plan de homoxeneización de prezos que está levando a cabo o Servizo Galego de Saúde.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os expedientes licitados por primeira vez nestes últimos anos polo Servizo Galego de Saúde, mediante compra centralizada, está a subministración sucesiva de tubos endotraqueais e cánulas de traqueotomía, adxudicado por un importe de 1.839.709,81 euros, con IVE, cun aforro do 18,66 % sobre a licitación; a subministración sucesiva de sistemas monitorización de glicosa, adxudicado por un importe de 834.291,08 euros, con IVE, cun aforro do 4,20 % sobre a licitación; e a subministración sucesiva de equipos de cobertura cirúrxica cun importe de adxudicación de 2.961.134,41 euros, con IVE, cun aforro sobre a licitación do 8,59 %.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA IMPULSARÁ A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE SETE ESPAZOS TERMAIS DE USO LÚDICO

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación destina máis de 800.000 euros a estes recintos
- Estas actuacións contribuirán a fomentar o turismo e dinamizar a economía local dos concellos de Ourense, Punxín, Cenlle e Salvaterra de Miño

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá a resolución da convocatoria de axudas para acondicionar e mellorar as instalacións dos espazos termais de uso lúdico de Galicia. En total, apoiaranse sete proxectos nun total de catro concellos galegos -Ourense, Punxín, Cenlle e Salvaterra de Miño- cun total de 801.777,67 euros.

Trátase dunha nova liña de apoios posta en marcha este ano pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación co obxectivo de apoiar aos concellos galegos na realización de intervencións que contribúan a ofrecer máis e mellores servizos nas instalacións de augas termais do territorio.

As axudas cobren ata un máximo de 150.000 euros por proxecto e permitirán introducir melloras nas Burgas, na Burga do Canedo e na Chavasqueira (Ourense), así como na área termal do Bañiño (Punxín); Barbantes (Cenlle) e no espazo de Teás (Salvaterra de Miño). Prevese unha mobilización total de 1,5 M€.

O desenvolvemento destes proxectos suporá unha oportunidade para a posta en valor e uso deste tipo de espazos, o que contribuirá a fomentar o turismo e, en definitiva, a dinamización económica dos municipios.

Estes apoios enmárcanse no compromiso da Xunta de impulsar estes espazos, adaptándoos á demanda real da sociedade actual. Así, coa Lei de aproveitamento lúdico de augas termais de Galicia, a Comunidade converteuse en pioneira en España en regular estas instalacións, impulsando un crecemento ordenado e seguro do sector.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## BENEFICIARIOS

Entidade solicitante	Actuación subvencionable	Investimento subvencionable	Axuda concedida
Concello de Salvaterra de Miño	Mellora do espazo lúdico termal de Teáns.  Adquisición de sistemas de tres bombas sumerxibles, e melloras nos espazos verdes e instalacións de espaxemento	78.175,82	62.540,65
Concello de Cenlle	Acondicionamento e mellora das instalacións do espazo termal do núcleo rural de Barbantes	329.131,55	150.000
Concello de Punxín	Acondicionamento da área termal O Bañiño	149.991,86	119.993,49
Concello de Ourense	Acondicionamento e mellora do espazo termal de uso lúdico de Burga do Canedo (Outariz nº 77)	186.492,79	149.194,23
Concello de Ourense	Acondicionamento e mellora da piscina termal de uso lúdico das Burgas	588.294,31	150.000

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Concello de Ourense	Acondicionamento e mellora do espazo termal de uso lúdico da Chavasqueira (Caldas do Bispo nº 70)	60.441,40	48.353,12
Concello de Ourense	Acondicionamento e mellora do espazo termal de uso lúdico de Outariz (Outariz nº 83)	152.120,22	121.696,18
<b>Total</b>		<b>1.544.647,95</b>	<b>801.777,67</b>

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIA 43 CONCELLOS GALEGOS PARA QUE MELLOREN O EQUIPAMENTO DOS SEUS POLÍGONOS EMPRESARIAIS E CONSTRÚAN VIVEIROS INDUSTRIAIS

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación vén de resolver as dúas ordes de axuda que favorecerán un investimento de 6,6 millóns de euros
- Todos os municipios que obtiveron apoios para a mellora de parques empresariais son emprendedores, mentres que na orde para a creación de viveiros industriais conseguiron a axuda todos os concellos emprendedores que a solicitaron

O Consello da Xunta avaliou esta mañá a resolución das ordes de axuda para a mellora de infraestruturas dos parques empresariais galegos e para a creación de viveiros industriais. En total concedéronse 4,75M€ en axudas (o orzamento inicial previsto) que favorecerán un investimento total de 6,6 millóns de euros en 43 concellos galegos.

En concreto, impulsárase a mellora de infraestruturas dos polígonos empresariais de 38 concellos galegos que, ademais, forman parte da Rede autonómica de concellos emprendedores e, por tanto, obtiveron máis puntuación nos seus proxectos por contar con este recoñecemento. Os proxectos consisten na realización e acondicionamento de infraestruturas viarias, a instalación de sistemas de seguridade e vixilancia, xestión de residuos ou depuración de augas, entre outras. Recibirán unha axuda de 3,25 millóns de euros.

Con esta liña de apoios, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación pretende resolver determinadas carencias de infraestruturas, así como novas necesidades en materia de comunicacións ou de servizos que presenta o solo empresarial galego co obxectivo de acondicionar e modernizar os parques. As axudas son dun máximo de 120.000 euros por proxecto e poden recibir anticipos do 25 % da axuda concedida.

En canto aos viveiros industriais, apoiarase a creación de sete novos espazos en outros tantos concellos (dos cales cinco son emprendedores) por 1,5 millóns de euros, co obxectivo de favorecer novas actividades de carácter industrial, o nacemento de novas empresas e axudar os empresarios nas súas primeiras etapas de actividade. En concreto, contruiranse novos viveiros en Cospeito –que tamén recibe axudas para a mellora do parque empresarial–, Bóveda e Baleira (Lugo), así como na Veiga e O Carballiño (Ourense). Tamén no Val do Dubra (A Coruña) –ao cal se lle concede

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ademais apoio na orde de parques empresariais– e Dozón (Pontevedra). A axuda máxima é de 240.000 euros e os beneficiarios tamén poderán obter anticipos do 25 %.

Con estas dúas liñas de apoio, a Xunta aposta por fortalecer o tecido industrial afincado en Galicia, mellorando a súa competitividade; así como modernizar as infraestruturas de apoio ao tecido empresarial da Comunidade. Pretende ser, ademais, un impulso para a captación de investimentos en Galicia polo que, neste sentido, encaixa nas medidas que fomenta a Lei de implantación empresarial en que os concellos emprendedores teñen un papel fundamental á hora de colaborar co Goberno galego para facilitar ás empresas beneficios fiscais, acceso ao solo e facilidades administrativas a cambio de contar con prioridade en ordes de axudas como estas.

### PARQUE EMPRESARIAIS

Concellos beneficiarios
A Laracha
As Pontes de García Rodríguez
Boiro
Boqueixón
Cambre

### VIVEIROS

Concellos beneficiarios
A Veiga
Cospeito
Dozón
Val do Dubra
O Carballiño

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Carballo
Coirós
Fene
Melide
Muros
Negreira
Ordes
Oroso
Ponteceso
Ribeira
Santa Comba
Val do Dubra

Bóveda
Baleira

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cervo
Cospeito
Outeiro de Rei
Palas de Rei
Sarria
Xove
Celanova
Cortegada
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Vilamarín
Vilar de Santos

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pereiro de Aguiar
A Cañiza
Lama
Arbo
Cambados
Campo Lameiro
Ribadumia
Salvaterra de Miño
Valga

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DUN PROXECTO DE MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS E NA ACCESIBILIDADE NA ILLA DE ONS NO MARCO DO PLAN XACOBEO NEXT GENERATION**

- Destaca que o proxecto conta cunha dotación de 1,4 millóns de euros co fin de mellorar as infraestruturas básicas da illa e a súa accesibilidade, ademais de levar a cabo unha reordenación do mobiliario público
- Di que inclúe tamén melloras na xestión de residuos, en camiños e sendeiros, e a implantación de sinalización dixital e de ferramentas para a xestión de fluxos turísticos e control de aforamentos de visitantes
- A Xunta ten posto en marcha o Plan Xacobeo Next Generation, cun investimento de 39,2M€ destinados a 12 bens de interese cultural que contarán cunha axuda de 22,7 millóns de euros co obxectivo de rehabilitar e poñer en valor o patrimonio galego vinculado co Camiño de Santiago
- No marco do Plan tamén se inclúen as accións de cohesión en destino con 8,4 millóns de euros de orzamento e os plans de sustentabilidade turística en destino que contan con 8,1 millóns de euros

O titular da Xunta anunciou hoxe a aprobación dun proxecto de acondicionamento da Illa de Ons que contará cun investimento de 1,4 millón de euros. “Trátase de facer melloras nas infraestruturas básicas e na accesibilidade, na xestión de residuos, na sinalización ou no control de aforamentos de visitantes”, engadiu.

Máis polo miúdo, explicou que as áreas de actuación serán: o punto de acceso á illa, o centro de Información, a rúa principal da vila, o espazo da contorna da depuradora, o acceso ás praias do sueste, a sinalética e mobiliario dos espazos públicos, a recuperación dos camiños da illa e a mellora do almacén para dornas, habilitando para os pescadores unha área máis protexida e privada, cun novo portalón de madeira que permita controlar o acceso.

Este proxecto enmárcase nos 12 BIC de titularidade pública galegos dentro do Plan Xacobeo Next Generation polo cal se levan a cabo proxectos de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico galego.

Así, dixo, nunha primeira fase levarase a cabo a recuperación da calidade do espazo público nas vías de uso máis intenso, coa renovación dos acabados e introducindo

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

materiais naturais e locais como o granito e a madeira. Ademais, o proxecto inclúe mellorar as infraestruturas básicas como son as instalacións eléctricas da vía principal

O proxecto actúa tamén na mellora dos roteiros existentes da illa, a través do acondicionamento da capa de pisada naquelas áreas dos camiños que a acción da intemperie deteriorase a súa superficie de tránsito, ademais propóñense un par de puntos de descanso nas sendas a modo dun macizo de pedra baixo sobre a terra para reducir o seu impacto visual coa intención de camuflarse coa contorna natural que os rodea.

### **Plan Xacobeo Next Generation**

A Xunta puxo en marcha o Plan Xacobeo Next Generation, que conta cun investimento 39,2 M€ destinados a 12 bens de interese cultural (BIC), que contarán cunha axuda de 22,7 millóns de euros co obxectivo de rehabilitar e poñer en valor o patrimonio galego vinculado co Camiño de Santiago; 8,4 millóns de euros para accións de cohesión en destino co obxectivo de reforzar Galicia como destino seguro e 8,1 millóns de euros para os plans de sustentabilidade turística en destino promovidos por entidades locais.

Os fondos europeos apostan por un modelo turístico sustentable e de calidade que coincide coa oferta galega de patrimonio, cultura, gastronomía e destinos non masificados ao aire libre e en contacto coa natureza. Este modelo coincide co espírito de Camiño de Santiago e que Galicia pretende difundir coincidindo co Ano Santo.

Ademais, cómpre lembrar que o Ano Santo será o motor da recuperación económica, xa o ano pasado Galicia estivo de moda e liderou a recuperación turística de España grazas ao reforzo da comunidade como destino seguro co apoio ao sector, medidas pioneiras como o bono turístico, o seguro coronavirus ou a promoción con campañas como *Camiña a Galicia*.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A POLICÍA AUTONÓMICA LEVOU A CABO PRETO DE 470.000 ACTUACIÓNS NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS

- O Consello da Xunta deulle o visto e prace ao Informe sobre as actividades desenvoltas pola Policía autonómica no período 2020-2021, en que desenvolveu máis de 86.000 inspeccións e tramitou case 20.000 denuncias
- Entre as prioridades destaca a protección de vítimas de violencia de xénero, cun incremento de efectivos en 2021
- O documento sinala tamén as actuacións enmarcadas nas exigencias da pandemia da COVID-19, con máis de 28.000 inspeccións e de 6.000 denuncias tramitadas

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao informe da actividade desenvolvida pola Policía autonómica no período 2020-2021, en que realizou preto de 470.000 actuacións. Delas, máis de 86.000 foron inspeccións e preto de 53.000, dispositivos, ademais de case 20.000 denuncias e 413 detencións ou investigacións. No documento sinalábase tamén a actividade da unidade adscrita derivada da COVID-19, que sumou máis de 118.200 actuacións nuns anos marcados pola situación de pandemia.

Segundo o informe, a UPA incidiu especialmente na protección das vítimas de violencia de xénero, que representa unha prioridade para o Goberno galego. Neste sentido, cómpre sinalar o incremento en 2021 do número de efectivos destinados anualmente a este programa, con 92 fronte á media de 86 de anos anteriores. No período analizado, o número de vítimas activas no sistema de protección variou desde as 279 coas que comezou xaneiro de 2020 ata as 274 coa que finalizou 2021.

Outra das principais accións encomendadas é velar pola protección de menores en colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude. Realizáronse 2.212 traslados ao longo dos dous últimos anos debidos a reintegros a centros de menores, fiscalía, colexios ou visitas médicas, entre outros motivos.

A maiores, desenvolvéronse labores de detección de desamparo, abandono ou malos tratos, así como controis de absentismo escolar, mendicidade ou de consumo de substancias estupefacientes, entre outras accións activadas para garantir os dereitos dos menores, sobre todo en circunstancias de vulnerabilidade. A relevancia social das problemáticas derivadas do xogo fixo que tamén se fixeran inspeccións específicas referidas a este grupo de idade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, na epígrafe de policía xudicial destacan os atestados tramitados, que sumaron 228 e que supuxeron a detención de 423 persoas, a meirande parte delas por temas de incendios forestais, menores, seguridade e relacionados coa actividade do furtivismo, a violencia de xénero, así como coa COVID-19.

### **Actuacións enmarcadas na COVID-19**

Canto ás actuacións enmarcadas nas exixencias da pandemia da COVID-19, o número de inspeccións ascendeu a máis de 28.000 e os dispositivos foron 16.800. Ademais, tramitáronse máis de 6.000 denuncias e houbo 18 persoas detidas ou investigadas. Cómpre sinalar tamén as numerosas colaboracións con outras forzas e corpos de seguridade. Segundo o informe, analizado hoxe, as actividades derivadas da COVID-19 supuxeron o 25 % das actuacións desenvolvida pola UPA nos dous últimos anos.

Trinta anos despois da adscrición da UPA á Comunidade Autónoma de Galicia, a súa presenza no día a día dos galegos reforza a súa consideración como unha unidade propia para a cidadanía, ampliando nos últimos anos as súas funcións en ámbitos como a protección de edificios e personalidades, a protección de menores, a violencia de xénero, a protección do medio natural, os recursos mariños, a caza, a gandaría, os incendios forestais, a pesca fluvial, o xogo e os espectáculos, a saúde pública ou a protección do patrimonio histórico, artístico e cultural. Non podemos esquecer, nun momento tan relevante para Galicia e para toda España como é o Xacobeo 21-22, a protección das rutas do Camiño de Santiago.

Todas estas actuacións leváronse a cabo sen que a UPA complete a totalidade da dotación de axentes que lle corresponden segundo o catálogo de persoal, con 367 efectivos fronte aos 500 previstos, o que representa un déficit superior ao 26 %. A Xunta, que leva tempo reclamando que se complete a dotación, agarda que se faga efectiva a sinatura dun novo convenio co Ministerio de Interior para actualizar este e outros aspectos relacionados co funcionamento da UPA.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA